



Banco de Dispositivos Dixitais do Concello de Cabanas

1.- Introducción

A pandemia da COVID-19 serviu para poñer de manifesto a importancia que teñen nas nosas vidas as chamadas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs), especialmente en ámbitos como o laboral, coa proliferación da actividade a distancia ou teletraballo, na educación, co seguimento de aulas non presenciais, e no social, como ferramentas para mantermos en contacto con outras persoas.

Por outra banda, a chamada obsolescencia programada fai que nalgúns casos haxa persoas que se ven obrigadas a actualizar os seus dispositivos por outros con características máis avanzadas, o que fai que se vaian deixando apartados trebellos seguen a funcionar e que aínda poderían ter outros usos, unha vez preparados e postos a punto de novo.

Dentro das súas competencias e obxectivos, a Concellaría de Innovación Tecnolóxica do Concello de Cabanas traballa para facilitar o acceso de todas as persoas ás TICs en igualdade social, especialmente de aquelas que pola súa situación persoal, social ou económica puideran ter maiores dificultades, e con ese obxectivo nace o *Banco de Dispositivos Dixitais*.

O *Banco de Dispositivos Dixitais* é unha iniciativa que se enmarca nos Obxectivos 4 (educación de calidade), 8 (traballo decente e crecemento económico), 9 (industria, innovación e infraestrutura), 10 (redución das desigualdades) e 12 (producción e consumo responsábeis) dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel (ODS) da Axenda 2030.

2.- O Banco de Dispositivos Dixitais

O *Banco de Dispositivos Dixitais* do Concello de Cabanas créase co obxectivo de garantir que todas as persoas de Cabanas que debido á súa situación social, laboral ou formativa, precisan dispor de equipamento informático para o desenvolvemento da súa actividade, traballo e/ou estudos, poidan acceder a el de maneira gratuíta, en réxime de cesión temporal durante o tempo que sexa preciso.

Dito Banco de Dispositivos Dixitais estará composto por aqueles dispositivos aportados polo propio Concello de Cabanas, así como tamén por aqueles que de maneira voluntaria e altruísta poidan aportar terceiras persoas e/ou entidades.

A custodia destes dispositivos recaerá sobre o Concello de Cabanas, que será a entidade encargada de manter actualizado un inventario dos mesmos, así como tamén un censo das persoas beneficiarias do seu uso. Tamén será o Concello de Cabanas, a través da área de Servizos Sociais en colaboración coa área de Innovación Tecnolóxica, o encargado de



xestionar as solicitudes de préstamo que se poidan formular, avaliando a necesidade e achegando o dispositivo máis acaído en cada caso, dependendo do uso que se lle vai dar.

3.- Da cesión de dispositivos para o Banco de Dispositivos Dixitais

Poderán ser obxecto de cesión permanente ao *Banco de Dispositivos Dixitais* do Concello de Cabanas aqueles dispositivos que funcionen correctamente, dentro dos contemplados na seguinte listaxe:

- Ordenadores portátiles.
- Ordenadores de sobremesa.
- Tablets
- Dispositivos periféricos (ratos, pantallas,)
- Outros (previa consulta).

A cesión permanente dun dispositivo ao *Banco de Dispositivos Dixitais* implica que o Concello de Cabanas pasa a ser a única entidade que mantén a súa custodia e os dereitos sobre os mesmos, permitíndoselle facer cantas modificacións de hardware ou software sexan necesarias para o seu correcto funcionamento.

As persoas ou entidades interesadas en realizar a cesión dalgún dispositivo, poderán facelo cubrindo previamente o documento de cesión que figura no Anexo I. O Concello de Cabanas revisará o material cedido para verificar que cumpre uns mínimos para o seu correcto uso antes de aceptar a doazón.

4.- Do préstamo de dispositivos do Banco de Dispositivos Dixitais

Aquelas persoas en situación de desigualdade de oportunidades por carecer de medios tecnolóxicos que estean interesadas en solicitar o préstamo dalgún equipamento do Banco de Dispositivos Dixitais do Concello de Cabanas para o desenvolvemento da súa actividade persoal (actividades imprescindíbeis para a inclusión social, acceso á información e a recursos comunitarios, trámites administrativos...), actividade laboral, actividade formativa ou calquera outra imprescindíbel para o acceso á información, deberán presentar o correspondente documento de solicitude que figura no Anexo II.

Será o persoal técnico da área de Servizos Sociais o encargado de avaliar cada unha destas solicitudes e, de ser o caso, decidir en colaboración coa área de Innovación Tecnolóxica o dispositivo que mellor se adecúe ás necesidades da solicitude presentada, de entre os que puidera haber dispoñíbeis en cada momento.

De ser considerada válida a solicitude, a persoa beneficiaria recibirá o equipamento informático do *Banco de Dispositivos Dixitais* por unha duración temporal inicial, que poderá prorrogarse durante o tempo que sexa necesaria previa revisión da súa necesidade por parte da área de Servizos Sociais.

As persoas beneficiarias do préstamo de equipamento dixital comprométese a facer bo uso do mesmo, e unha vez rematado o período de préstamo (coas súas prórrogas se fose o



Cabanas
CONCELLO

caso) deberán devolvelo nas mesmas condicións nas que lles foi entregado ou co desgaste derivado dun bo uso.



Anexo I. Documento de cesión de dispositivos para o Banco de Dispositivos Dixitais do Concello de Cabanas

Datos persoais

Nome:

Apelidos:

DNI:

Enderezo postal:

Concello:

CP:

Enderezo electrónico:

Teléfono de contacto:

Equipamento que cede

Tipo de dispositivo	Marca e modelo	Número de serie

A persoa que asina este documento, maior de idade, cede de maneira voluntaria e altruísta o equipamento informático que figura arriba para o Banco de Dispositivos Dixitais do Concello de Cabanas, e confirma que é coñece as bases que rexen o seu uso.

En Cabanas, a ____ de _____ de _____

Asdo:



Anexo II. Documento de solicitude de dispositivos dixitais

Datos persoais

Nome:

Apelidos:

DNI:

Enderezo postal:

Concello:

CP:

Enderezo electrónico:

Teléfono de contacto:

Equipamento que solicita:

A persoa que asina este documento declara que non dispón do material solicitado nin facilidades para adquirilo, e que coñece as bases que rexen o funcionamento do Banco de Dispositivos Dixitais do Concello de Cabanas.

En Cabanas, a ____ de _____ de _____

Asdo:



Anexo III. Documento de préstamo de dispositivos do Banco de Dispositivos Dixitais do Concello de Cabanas

Datos persoais

Nome:

Apelidos:

DNI:

Enderezo postal:

Concello:

CP:

Enderezo electrónico:

Teléfono de contacto:

Equipamento que recibe

Tipo de dispositivo	Marca e modelo	Número de serie	Data de devolución

A persoa que asina este documento, declara que coñece as bases que rexen o uso do equipamento informático do Banco de Dispositivos Dixitais do Concello de Cabanas, e se compromete a facer bo uso del e devolve-lo (ou solicitar prórroga) na data acordada.

En Cabanas, a ____ de _____ de _____

Asdo: